

EXPEDIENTE: 669/2025

PROCEDIMENTO: CONVOCATORIA SUBVENCIONS PÚBLICAS

CERTIFICACIÓN DE SECRETARÍA

D. ANDRÉS BUSTO ALLO, secretario accidental do Concello de Outes,

CERTIFICO: Que pola Alcaldía deste concello ditouse o Decreto n.º: 2025-0593, do 28 de agosto (rectificado polo Decreto n.º: 2025-0597, do 2 de setembro), o cal contén a seguinte Resolución xunto co Anexo rectificado:

“PRIMEIRO. Aprobar a convocatoria de outorgamento de becas para deportistas do Concello de Outes para o ano 2025, co texto que figura no Anexo da presente proposta de Acordo/resolución.

SEGUNDO. Aprobar o gasto de 5.000,00 €, á que ascende o importe da subvención, con cargo á partida orzamentaria 341/48003.

TERCEIRO. Rexistrar a información a incluír na BDNS polos medios electrónicos que esta proporcione, acompañada do texto da convocatoria e do seu extracto.

Tras rexistrar a información, a BDNS porá o extracto da convocatoria a disposición do Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación. Na publicación do extracto deberá constar o código de identificación que asigne a BDNS á convocatoria.

CUARTO. Designar como órgano instructor a D. Carlos Romero Martínez (Técnico Deportivo), e como membros do órgano evaluador a:

- *Presidente: D. Franciso Calo Abelleira, Alcalde.*
- *Secretario: D. Enrique Outes Durán, Técnico Deportivo.*
- *Vogais:*
 - *D. José Antonio Caamaño Lestón, Concelleiro de Deportes.*
 - *D. Alejandro Romero Pérez, traballador do Concello.”*



ANEXO.- BASES CONVOCATORIA

BASES REGULADORAS PARA O OUTORGAMENTO DE BECAS PARA DEPORTISTAS DO CONCELLO DE OUTES para o ano 2025

1.- OBXECTO, FINALIDADE.

A presente convocatoria ten como obxecto establecer a concesión de becas, mediante o procedemento de concorrência competitiva, a deportistas Outenses que pertencen ou non a entidades deportivas do Concello, e que destacaran na súa faceta competitiva durante os anos fixados na convocatoria, co obxectivo de apoiar e fomentar a práctica e o rendemento deportivo. Están dirixidas ó deporte base (idades entre 10 e 20 anos) e adaptados (entre 10 e 30 anos) por e para competicións oficiais realizadas entre 1/11/2024 e 31/10/2025.

Establécense dúas liñas de subvención incompatibles entre si:

- LIÑA A) Deportistas que participen en campionatos individuais ou parella (cando non hai modalidade individual da súa disciplina deportiva).
- LIÑA B) Deportistas que participando en campionatos de equipos, fosen convocados para adestramentos ou partidos coas súas respectivas seleccións autonómica ou estatal.

A finalidade da concesión destas Becas é a de fomentar o deporte Base e Adaptado no noso municipio e axudar a paliar os gastos derivados da alta competición federada, por eso preténdese avaliar os logros obtidos por estes deportistas sempre e cando cumpran cos requisitos previstos na presente convocatoria, conforme ao disposto na Lei 7/1985, de bases de réxime local, coas súas modificacións, na Lei 5/1997, da administración local de Galicia, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no Real Decreto 887/2006 polo que se aproba o seu regulamento, na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e no Regulamento de servizos das corporacións locais, coa finalidade de poder asignar os recursos necesarios ás prioridades sinaladas.

2.- REQUISITOS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS.

2.1.- Requisitos xerais.

Poderán solicitar becas as persoas que, cumprindo o prescrito no artigo 13 da lei 38/2003, e artigo 10 da lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia, cumpran os seguintes requisitos:

- Estar federadas en calquera categoría dentro dunha disciplina deportiva.
- Nadas entre o 2005 e 2015, ámbolos dous incluídos, exceptuando os deportistas con discapacidade que abarcarán os anos 1995 - 2015, ambos incluídos.
- Estar empadroada no Concello de OUTES, cunha antigüidade mínima de dous anos dende a data da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP).
- Ter licenza federativa en vigor no momento de realizar a solicitude de beca, expedida pola Federación Deportiva correspondente.
- Acreditar o nivel deportivo na especialidade, polo menos, correspondente ó ano anterior e/ou ano de solicitude.



- Estar ao corrente das obrigas tributarias co Concello de OUTES e coas demais administración, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. No caso dos menores de idade a obriga virá referida aos seus titores legais.

Non poderán obter a condición de persoa beneficiaria das becas previstas nestas bases:

- As persoas nas que concorren algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).
- As persoas que perderan o dereito a obtención das subvencións públicas como consecuencia do procedemento sancionador correspondente, e polo prazo establecido na resolución.

2.2.-Obrigas das persoas Beneficiarias.

- a) Realizar a actividade que motiva a concesión da beca.
- b) Someterse ás actuacións de comprobación do Concello, así como calquera outras de comprobación e control financeiro dos órganos competentes do Concello, nacionais ou comunitarios, e achegar a información que lle requiran no exercicio das actuacións anteriores.
- d) Facer constar en todas as actividades que están subvencionadas polo Concello de Outes.
- g) Sinalar a súa condición de beneficiaria deste programa nas competicións ou actividades nas que participe, e facer constar de maneira visible o escudo e lenda “Concello de Outes”, así como, publicitar esta condición de beneficiaria, no caso de ter Facebook, páxina web ou blogue.

3.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN.

O procedemento de concesión realizarase en réxime de concorrència competitiva, de acordo cos principios de publicidade, obxectividade, libre concorrència e igualdade.

4.- SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN.

As solicitudes formalizaranse en modelo normalizado **“SOLICITUDE SUBVENCIÓN DEPORTISTA INDIVIDUAL”** da convocatoria CORRESPONDENTE e presentaranse a través do Rexistro xeral do Concello de OUTES ou no Rexistro da Sede Electrónica por calquera dos medios previstos no Art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Xunto coa solicitude de subvención para calquera dos dous programas presentarase a seguinte documentación, sen prexuízo doutra documentación que no seu caso, figure no modelo normalizado que se achegará como anexo na convocatoria:

- Fotocopia do DNI e no caso de ser menor do seu titor ou representante legal
- Fotocopia ou certificado da licenza federativa correspondente aos anos a valorar na convocatoria.
- Datos bancarios onde se ingresará a subvención, no caso de ser concedida.

ANEXO 2



- Declaración responsable de estar ao corrente coas obrigas fiscais co Concello de OUTES, así como das obrigas tributarias coa Seguridade Social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro. No caso de menores de idade a declaración deberá asinala o titor legal. **ANEXO 4**
 - Deberá presentarse un certificado da federación cos datos necesarios para valorar a liña de subvención solicitada:
 - LIÑA A: Certificado da federación segundo o modelo do **ANEXO 3 - A**, sobre a participación en competicións oficiais nos que se recollan tipo de competición, lugar e data da competición e resultados acadados nas datas que abranguen estas bases.
 - LIÑA B: Certificado da federación segundo o modelo do **ANEXO 3 - B**, sobre as convocatorias a adestramentos, xornadas de tecnificación ou competicións oficiais coas súas respectivas seleccións autonómicas ou estatais nas datas que abranguen estas convocatorias.

A consecución dos logros deportivos referidos nos criterios de valoración das presentes bases constitúen por si solos a determinada situación na persoa receptora, referida no artigo 28.9 da lei 9/2007 do 13 de xuño do 2007 de subvencións de Galicia (LSG).

Os posibles defectos na solicitude seranlles notificados aos interesados, e daráselle un prazo de 10 días naturais para enmendar erros u omisións.

5.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Outes, ben presencialmente ou por sede electrónica no prazo de 15 días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación do extracto desta convocatoria que se publicará no BOP.

6.-CRITERIOS DE VALORACIÓN.

6.1.- Criterios xerais aplicables.

A avaliación das solicitudes para os dous programas realizarase pola Comisión de Valoración designada pola Alcaldía da Corporación, e atendendo aos seguintes criterios (non serán obxecto de valoración aquelas actividades nas que se incorrera en dopaxe e fora declarado como tal o mesmo):

Para a valoración, teranse en conta as actividades xa realizadas entre as datas marcadas nesta ordenanza. A partida que se vai distribuír será a establecida na convocatoria e serán repartidos segundo a seguinte formula:

$$\text{Valor do punto (VP)} = \text{Orzamento da subvención} / \text{N}^{\circ} \text{ total de puntos}$$

$$\text{Subvención Individual (SI)} = \text{VP} * \text{Suma individual dos puntos}$$

6.2.- Criterios específicos de valoración da LIÑA A:

Contabilizaranse os logros obtidos en competición oficiais, entendendo como competición oficial as recoñecidas polo C.S.D. ou similar, entre o 1 de novembro de 2024 e o 31 de Outubro de 2025, sempre e cando estas non fosen xa valoradas noutra convocatoria anterior. Seguindo este criterio se un deportista ten resultados diferentes en probas distintas, nun mesmo campionato, só se valorará a de maior puntuación e só se valorará un campionato do mesmo nivel



por anualidade.

Só se puntuarán os resultados obtidos de forma individual nos campionatos individuais ou parella (cando non hai disciplina individual) da súa disciplina deportiva.

Os campionatos oficiais referidos anteriormente serán o galego/autonómico, nacional, europeo e mundial da disciplina, así como xogos olímpicos/paralímpicos. Outros campionatos oficiais que se presenten poderán ser puntuados ou non a xuízo da comisión avaliadora e para que estas competicións se valoren, a solicitude deberá ir acompañada dun informe da federación correspondente indicando a importancia de dita competición para ser tomada en conta pola comisión avaliadora.

Poderanse realizar de oficio as actuacións que se estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos aportados polo deportista, en virtude dos cales se formulará a proposta de concesión de bolsas.

Atendendo á especial importancia dun feito deportivo poderá valorarse a inclusión nestas bolsas de deportistas con calquera clase de discapacidade.

O baremo para a valoración é o que se indica de seguido:

Categoría/ Posto	1º	2º	3º	4º - 12º	Resto
Internacional	50	40	30	20	10
Europeo	30	25	20	15	8
Nacional	20	15	10	5	0
Autonómico	15	10	5	2	0

No caso de que se trate dunha competición feminina ou de deporte adaptado, ás puntuación anteriores sumaranse os seguintes valores:

Categoría/ Posto	Puntuación
Internacional	8
Europeo	6
Nacional	4
Autonómico	2

Valorarase tamén o desprazamento máis longo feito ao longo da tempada segundo o seguinte baremo, sempre e cando se obteña un resultado baremable na táboa anterior.



DESPRAZAMENTO	Puntuación
Internacional	20
Europeo	10
Nacional	5
Autonómico	2

6.3.- Criterios específicos de valoración da LIÑA B:

Contabilizaranse e puntuaranse os desprazamentos realizados como resultado dunha convocatoria oficial das súas respectivas seleccións, autonómica e/ou nacional.

Só se puntuarán as convocatorias coas súas respectivas seleccións autonómicas ou estatais e sempre con un mínimo de 2 convocatorias para a súa valoración.

As convocatorias oficiais referidas anteriormente serán a galego e/ou a nacional. Outras convocatorias oficiais que se presenten poderán ser puntuados ou non a xuízo da comisión avaliadora.

Para que as convocatorias se valoren, a solicitude deberá ir acompañada dun informe da federación correspondente indicando o tipo de convocatoria e o motivo da convocatoria, para ser tomada en conta pola comisión avaliadora.

Poderanse realizar de oficio as actuacións que se estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos aportados polo deportista, en virtude dos cales se formulará a proposta de concesión de bolsas.

Atendendo á especial importancia dun feito deportivo poderá valorarse a inclusión nestas bolsas de deportistas con calquera clase de discapacidade.

O baremo para a valoración é o que se indica de seguido por :

Convocatoria	Puntuación
Nacional	3
Autonómica	1

7.- CONTÍA DAS AXUDAS E FINANZAMENTO

As subvencións obxecto desta convocatoria efectuaranse con cargo á partida orzamentaria 341/48003 do Orzamento municipal vixente para o ano 2025.

A partida a distribuír é de 5000 €, repartidos segundo os criterios de valoración e o máximo por deportista será de 1.500 €

8.- COMPATIBILIDADE.

Estas becas serán compatibles con calquera outra beca, subvención ou axuda para a mesma finalidade, procedente de calquera outra administración, ou de entes públicos ou privados.

9.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN



9.1. A concesión da subvención tramitarase en réxime de concorrencia competitiva (mediante a comparación das solicitudes presentadas), sendo o órgano encargado do seu outorgamento a Alcaldía da Corporación.

9.2. Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, levarase a cabo a instrución do procedemento, realizando de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

Deste xeito, unha vez avaliadas as solicitudes, a Comisión avaliadora emitirá informe no que se concrete o resultado da avaliación efectuada.

O órgano instrutor, á vista do expediente e do Informe da Comisión avaliadora, formulará a proposta de resolución provisional debidamente motivada, que será publicada no Taboleiro de Edictos do Concello, no Taboleiro de anuncios da sede electrónica (<https://outes.sedelectronica.gal/info.0>), e na páxina web municipal (www.outes.gal) e concederase un prazo de dez días hábiles para presentar alegacións.

A proposta de resolución expresará a relación de persoas solicitantes para os que se propón a concesión da beca e a súa contía, especificando a puntuación obtida e os criterios de valoración seguidos para efectuala, así como a proposta de desestimación fundamentada do resto de solicitudes.

Examinadas as alegacións aducidas no seu caso polas persoas interesadas, formularase a proposta de resolución definitiva, que deberá expresar o solicitante ou a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, e a súa contía, especificando a súa avaliación e, no seu caso, os criterios de valoración seguidos para efectuala.

9.3. A comisión avaliadora estará composta polos seguintes membros:

- Presidencia (alcalde/sa ou persoa en quen delegue)
- O/a concelleiro/a de Deportes
- 1 técnico/a deportivo do Concello que actuará como secretario/a da comisión
- 1 traballador/a do Concello

Para constituír validamente a Comisión deberán concorrer, polo menos, tres dos seus membros. A proposta da Comisión deberá ser adoptada co voto favorable da maioría simple dos membros asistentes á sesión. En caso de empate, decide o voto de calidade de quen exerza a presidencia.

9.4. O órgano instrutor será un técnico/a deportivo ou o funcionario ou funcionaria en quen delegue. O órgano instrutor poderá realizar de oficio as actuacións que xulgue necesarias para determinar, coñecer e comprobar os datos en virtude dos que se ditará a proposta de resolución.

9.5. A resolución da Alcaldía notificaráselles ás persoas interesadas segundo o réxime previsto nos artigos 40 a 46 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, coa advertencia de que no prazo de 7 días naturais deberán comunicar se aceptan ou renuncian á subvención concedida.

Transcorrido ese prazo sen manifestación expresa das persoas beneficiarias, a subvención entenderase aceptada tacitamente e publicarase no taboleiro de anuncios da corporación a relación de subvencións concedidas e denegadas.



9.6. O prazo de resolución e notificación do procedemento non excederá o exercicio seguinte ao exercicio subvencionable. O vencemento deste prazo sen resolución expresa significará a desestimación por silencio administrativo das solicitudes presentadas.

10.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

Ao abeiro do previsto no artigo 28.9 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), as subvencións que se concedan en atención á concorrencia dunha determinada situación na persoa perceptora non requirirán outra xustificación que a acreditación por calquera medio admisible en dereito da devandita situación previamente á concesión, sen prexuízo dos controis que tivesen podido establecerse para verificar a súa existencia.

Conforme ó referido no parágrafo anterior a consecución dos logros deportivos referidos nos criterios de valoración das presentes bases constitúen por si solo a determinada situación na persoa receptora, en consecuencia, nesta convocatoria non se esixirá a presentación de mais xustificación que a consecución dos logros deportivos por parte das persoas beneficiarias.

En consecuencia, nesta convocatoria, non se esixirá presentación dunha xustificación por parte dos beneficiarios.

O pagamento efectuarase en todo caso despois da publicación da concesión definitiva e tras a aceptación de achega por parte da persoa beneficiaria, de acordo co previsto na base anterior.

A concesión dunha bolsa na presente convocatoria non é incompatible co outorgamento doutras bolsas ou axudas económicas por parte de outras entidades, sexan públicas ou privadas.

11.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN. REINTEGRO DAS AXUDAS

O incumprimento, pola persoa beneficiaria, das súas obrigas ou da finalidade da axuda dará lugar ao reintegro total ou parcial da subvención cos xuros de demora, nas condicións e de conformidade coa Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Con respecto ás infraccións e sancións son aplicables as disposicións do Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

12.- RÉXIME DE RECURSOS.

Contra a resolución do proceso de concesión de axudas, que pon fin á vía administrativa, procede a interposición de Recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía da Corporación, ou ben a interposición directa de recurso contencioso-administrativo, consonte ao sinalado nos artigos 123 e ssg. da Lei 39/2015. Enténdese desestimado o recurso se transcorrido o prazo dun mes dende a súa presentación no se obtivese resposta, podendo nese caso interpoñerse recurso contencioso administrativo nos termos da Lei 29/1998 reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA.

O presente acordo entrará en vigor unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos da Corporación, e comezará a aplicarse o día seguinte da súa publicación.



E para que conste, asino en Outes, na data que figura á marxe.

Vº e praxe
O alcalde

O secretario accidental

Asd. Francisco Calo Abelleira

Asd. Andrés Busto Allo

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

